Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Tesouros

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O tesouro do castro de Ceranzos

No lugar de Ceranzos, na parroquia de Xuances, en Xove (Lugo), hai un castro no que viviron os mouros ata que os botaron.

Aqueles mouros, coas presas da fuxida, aínda que contando seguramente poder recuperalo máis adiante, deixaron enterrado o pelello dun boi cheo de ouro. Sábese que o deixaron porque cando marchaban, cantaban:

Adeus, Ceranzos, Ceranzós,
terra dos nosos tataravós,
que na máis alta do castro
ten un pelello de boi enterrado.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

COLEXIO PÚBLICO DE XOVE, A fonte da vida longa, concello de Xove, 1989, p. 35.